

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000007

ACTA Nº 2021/7 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - PRESENCIAL, SÁBADO 13 DE NOVEMBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 12:02 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: Benigno Galego Castro

ASISTEN: Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegua Graña, María-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez

SECRETARIA – INTERVENTORA: M^a Yolanda Ares Bao

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

CONCESION MEDALLA DE OURO DO CONCELLO DE CERDIDO A DANIEL RODRIGUEZ FRAGUELA.


<< PROPOSTA DE ALCALDÍA

Os Concellos están facultados para proceder a outorgar títulos, honras, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

En aplicación desta competencia, o Concello de Cerdido aprobou o Regulamento de Honras e Distincións deste municipio, que foi publicado no Boletín Oficial Da Coruña nº 5 de 8 de xaneiro de 1999.

Mediante escrito asinado por todos os concelleiros e presentado no Rexistro de Entrada con data 14 de setembro de 2021, se propón a apertura do procedemento necesario para a concesión da Medalla de Ouro do Concello ao funcionario municipal D. Daniel Rodríguez Fraguela como culminación ao fin da súa carreira administrativa en calidade de funcionario deste Concello dende o ano 1979.

Por Decreto de Alcaldía de 10 de novembro de 2021, se nomea como instrutor e secretario do trámite para a acreditación de tal merecemento ao concelleiro Cándido E. Priego Lago e ao funcionario municipal, César Yáñez Carballeira, respectivamente.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000007

Constando no expediente acta levantada con motivo dos resultados da instrución realizada en cumprimento do establecido no artigo 14 do devandito Regulamento Municipal dos que se destacan os seguintes:

Aos efectos de acreditar os méritos e servizos prestados e a trascendencia da labor realizada por D. Daniel Rodríguez Fraguela cabe destacar que tales circunstancias teñen base acreditativa documental, reflexada na labor e traballo realizado nos 41 anos ao servizo do Concello e que consta nos arquivos municipais no desempeño das súas labores como ordenanza, administrativo, tesoureiro e secretario do Xulgado de Paz.

Todas estas funcións foron desempeñadas ao longo dos anos da súa vida profesional ao servizo de Cerdido e os seus veciños, con absoluta dedicación, profesionalidade e calidade de traballo; sempre no marco da excelencia e mellora constantes.

Ademais da acreditación documental, son incontables os testemuños de veciños agradecidos coa labor e atención desempeñada por Daniel, que ía sempre máis alá do exixible, sendo sensible ás características e necesidades da veciñanza dun concello pequeno, no que o traballo de axuda e información aos cidadáns esténdese moitas veces máis alá da xornada laboral, que queda desdebuxada neste contexto.

Queda acreditado ademais, que Daniel Rodríguez Fraguela, non só foi un funcionario exemplar, senón que tamén desempeñou un papel importante na dinamización da vida de Cerdido como membro de asociacións sen ánimo de lucro de carácter cultural e deportivo. Así, mediante a súa participación e colaboración na Asociación Amigos da Feira da Barqueira, Unión Deportiva Cebarca, Asociación Cultural Airiños dos Carrís, Asociación Reparación Maquinaria Antiga de Os Casás, Asociación Recreativa Deportiva Dominó CVM e na organización de festas e outras actividades.


No eido dos testemuños, ademais dos da veciñanza, resultan de especial interese os dos seus compañeiros de traballo que destacan o papel primordial, dificilmente sustituíble en canto á experiencia acumulada e coñecementos adquiridos ao longo de tantos anos de dedicación aos intereses municipais. A súa dedicación e profesionalidade pónense de manifesto ademais, según indican, no seu compañeirismo e no seu compromiso constante co Concello.

Por último, dende a Alcaldía se nos fai chegar o pracer de ter compartido os últimos anos de traballo con Daniel e a aprendizaxe que deixa en todo o persoal do concello e as distintos Corporacións que compartiron a súa labor nestes anos en canto a compromiso, profesionalidade, dedicación, afán de superación, compañeirismo e interese incuestionables.

Visto o informe de Secretaría relativo ao procedemento a seguir e asinado en data 10 de novembro de 2021.

Vista a proposta favorable ao outorgamento da mencionada Medalla de Ouro a D. Daniel Rodríguez Fraguela formulada polo concelleiro instrutor, D. Cándido E. Priego Lago en data 10 de novembro.

En aplicación do artigo 50.24 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Cerdido, PROPOÑO:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000007

PRIMEIRO.- A concesión da Medalla de Ouro do Concello de Cerdido regulada nos artigos 9 a 11, ambos incluídos, do Regulamento Municipal de Honras e Distincións a D. Daniel Rodríguez Fraguela constando acreditados os méritos e servizos prestados e a trascendencia da labor realizada durante os 41 anos de servizo ao Concello.

SEGUNDO.- Facer entrega solemne da Medalla de Ouro e distintivo de solapa que lle corresponden a D. Daniel Rodríguez Fraguela neste acto.

TERCEIRO.- Propoñer a inscrición no Libro Rexistro de Honras e Distincións do Concello de Cerdido da Medalla de Ouro outorgada a D. Daniel Rodríguez Fraguela aos efectos de que quede constancia da súa entrega.

Asinado polo Alcalde, Benigno Galego Castro na data sinalada á marxe.>>

Comeza o turno de palabra co concelleiro Alberto Rey Paz, que envía os seus parabéns ao funcionario por unha medalla máis que merecida por tantos anos. Continúa sinalando que quere agradecer en nome do grupo popular actual e tamén dos anteriores, o traballo, esforzo e dedicación e desexándolle que disfrute da merecida xubilación.

A seguir o concelleiro Cándido Prieto Lago pronuncia en nome do grupo socialista o seguinte discurso:

<< Bos días a todos e todas, como portavoz do grupo municipal socialista e tamén en nome dos portavoces que me precederon neste grupo quixera transmitir o meu agradecemento, gratitude e recoñecemento a Daniel por todos estes anos de dedicación e traballo neste concello; un traballo que é recoñecido por compañeiros, veciños e por todas as corporacións locais que pasaron por este concello.


Sempre disposto a axudar e solucionar problemas, Daniel é desa clase de persoas que deixan unha profunda pegada neste concello grazas á súa colaboración e impagable traballo, son moitos os testemuños de agradecemento pola súa colaboración con todas as asociacións, eventos e promoción do noso concello; creo que todos lembramos o seu amplo coñecemento do noso concello, así como da súa historia e as súas xentes ao longo dos anos.

Desexamos pois que disfrute desta merecida xubilación e non temos nin a máis mínima dúbida que seguirá axudando e achegando solucións como sempre fixo.

Grazas Daniel>>

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .

A continuación faise entrega da medalla e do distintivo a Daniel Fraguela Rodríguez. Proxéctase un vídeo na súa homenaxe. O alcalde pronuncia un discurso na súa honra; ao igual que o homenaxeado que dedica unhas palabras de agradecemento e dase por rematada a sesión cando son as 12:28 horas.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000007

Levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, M^a Yolanda Ares Bao

O alcalde, Benigno Galego Castro